



# PLAN ESTRATÉXICO 2014-2020

(Aprobado pola Xunta de Centro o 20/04/2015 e pola Comisión Delegada do Consello de Goberno o 12/07/2015)

(Aprobada a ampliación do rango ata 2020 pola Xunta de Centro o 30/01/2019)

## PLAN ESTRATÉXICO 2014/2020

### MISIÓN

Ser un centro de formación integral, líder en investigación e asistencia clínica en Optometría; con profesionais comprometidos coa sociedade, que promoven a aprendizaxe e a actualización permanente.

### VISIÓN

A Facultade de Óptica e Optometría quere ser recoñecida a nivel nacional e internacional por promover o avance da sociedade do coñecemento a través da súa investigación, o seu proxecto educativo e o seu compromiso social.

### VALORES

---

#### Éticos

Integridade  
Respecto  
Responsabilidade  
Compromiso coa sociedade  
Transparencia na información

#### Profesionais

Cultura da mellora continua  
Traballo en equipo  
Creatividade  
Igualdade de oportunidades  
Innovación e transferencia do coñecemento

---

## FORTALEZAS E DEBILIDADES

### 1.- Dirección e Administración

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Accesibilidade	Falta RRHH propios
Alto grao comunicación e implicación dos RRHH	Falta de flexibilidade do sistema para a coordinación entre RRHH compartidos coa Fac. Física
Mellora nos procedementos centro	Falta coñecemento do traballo dos RRHH por parte estudantado
	Falta sistema xestión propia do centro

### 2.- Departamentos con Docencia no Centro

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Alto grao comunicación	Descoñecemento dos procesos centro
	Falta coordinación coa Facultade
	Falta de implicación nos procesos do centro

### 3.- Calidade

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Compromiso cos procesos de calidade	Descoñecemento accións mellora
Cultura mellora continua	Falta sistema medición calidade en actividades específicas da Facultade.
Obtención certificado SGIC	Falta de implicación RRHH en proceso

### 4.- Grao

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Oferta estable e de calidade	Falta coordinación en docencia
Alto trato persoal e profesional por parte do profesorado	Baixa diversidade xeográfica do estudiantado
Alta calidade na docencia	
Alto grao de inserción laboral	Baixa formación en habilidades transversais
Alta valoración por parte dos alumnos egresados	Imposibilidade de conseguir Máster e Doutoramento (formación regrada post grao) e 3º ciclo para o estudiantado no centro
	Falta política difusión coordinada coa USC O Profesorado especializado en Optometría soporta unha carga docente moi alta (desequilibrio na carga docente en relación ao resto do profesorado da titulación)

## 5.- Mobilidade

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Convenios SICUE/SENECA	Falta convenios internacionais
Convenios prácticas tuteladas con CNOO	Baixo interese mobilidade por parte do estudante do centro
Convenios con Consellería Traballo e Benestar Social	
Convenios con General Óptica, Asociación Española de Optometristas, +Vision.	

---

## 6.- Instalacións e Servizos

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Seminarios traballo para alumnado	Falta sistema de vídeo - conferencia
Corredores habilitados con conexións	Aulas docencia sen suficientes conexións para ordenadores
	Estado deficiente das instalacións
	Estado deficiente infraestruturas de prácticas e loxística de Equipos obsoleta. Falta de mantemento das infraestruturas

## 7.- Conserxería

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Alta atención ao público	Ao centro accede persoal alleo sen identificación nin control
Atención aos servizos docentes	Falta de RRHH
Atención e coidado servizos centro	

## 8.- Biblioteca

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Sala lectura alta calidade	Non ser biblioteca independente
Persoal moi próximo	Infraestrutura mínima, fondos bibliográficos deficientes
Gran accesibilidade horaria	Falta de enchufes para conexións

## 9.- Limpeza

---

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Estado xeral bo	Incumprimentos por déficit de RRHH
	Déficit limpeza en laboratorios por déficit de RRHH

## 10.- Servizo de Optometría (SO)

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Equipo profesional comprometido cos obxectivos da clínica e a optometría.	Precariedade de recursos para reposición de infraestruturas (gabinetes de optometría e outros instrumentos para probas complementarias)
Crecente valoración social das clínicas optométricas	Non existe un plan de financiamento para o SO como sería esixible
Clínica adscrita á facultade cun plan de estudos con inequívoca orientación sanitaria en atención primaria	Non está recoñecida a categoría profesional en atención primaria da visión polo SERGAS e o Sistema Nacional de Saúde como integrante e colaborador necesario dentro do Servizo Público de Saúde.
Clínica que comparte os contidos, obxectivos e finalidades do Diploma Europeo en Optometría (Gold Estándar da optometría na UE)	Escaso compromiso da USC cos parámetros de calidade do SO
Equipo e dotación que permite ofertar servizos de atención primaria visual de calidade	Escasa claridade na comunidade universitaria estatal sobre a natureza e función das clínicas optométricas.
Aliñación dos obxectivos da clínica coa demanda social	Falta de coñecemento da profesión de óptico-optometrista na USC e na sociedade en xeral

<p><b>Grupo de investigación en optometría con sede no Servizo de Optometría</b></p> <p><b>Clínica adscrita á Facultade cunha titulación cun área propia de coñecemento en optometría que a apoia</b></p> <p><b>A crecente demanda na atención visual da poboación derivada da variable idade e calidade de vida</b></p> <p><b>A Clínica oferta ao SERGAS e ao SNSS prestacións de calidade en atención primaria da visión para mellorar o coidado da saúde visual da poboación, a un custe eficiente</b></p>	<p>Falta dun plan de renovación para infraestruturas</p>
---	--

## **EIXES ESTRATÉXICOS 2014-2020**

**Eixe 1.- DOCENCIA – INVESTIGACIÓN – ASISTENCIA**

**Eixe 2.- XESTIÓN**

**Eixe 3.- INFRAESTRUTURAS**

**Eixe 4.- RELACIÓNS COA SOCIEDADE**

### **Eixe 1. DOCENCIA – INVESTIGACIÓN –ASISTENCIA**

Cos seguintes obxectivos estratéxicos e liñas de actuación

#### **1.1 Oferta docente de interese profesional**

Revisión e adecuación da oferta docente ás demandas da sociedade

---

## **1.2 Calidade da Docencia**

### 1.2.1 Coñecer a situación profesional real egresados

Facer enquisas

Continuar organización cursos formación para titulados

### 1.2.2 Coñecer a carga real traballo da titulación

Enquisas alumnado e profesorado, para saber a carga real soportada na titulación

### 1.2.3 Acreditar a Titulación

#### 1.2.3.1 Mellorar a difusión da titulación

\*(acudir a eventos promoción titulación)

#### 1.2.3.2 Mellorar a información sobre o programa de prácticas tuteladas

\*elaborar material específico sobre ditas prácticas

\*elaborar plan de información anual coordinado por titulación

#### 1.2.3.3 Revisar cumprimento da memoria titulación

\*revisar adaptación programas materias á memoria título

\*mellorar na definición avaliación de competencias

#### 1.2.3.4 Explorar posibilidade dunha dobre titulación con outras titulacións de interese.

## **1.3 Programas de mobilidade estudantes**

### 1.3.1 Establecer convenios con universidades europeas

### 1.3.2 Establecer convenios con universidades fóra do ámbito europeo

## **1.4 Diploma Europeo en Optometría**

### 1.4.1 Xestionar coa *European Council of Optometry and Optics* ECCO (Axencia de acreditación) a solicitude do Diploma Europeo

### 1.4.2 Desenvolver os portfolio de traballo para o Diploma Europeo

#### 1.4.2.1 Desenvolver documento de control de traballo requirido de actividades docentes “portfolio” para os alumnos

## **1.5 Investigación Estratéxica**

### 1.5.1 Organizar a investigación no centro

### 1.5.2 Fomentar a participación en iniciativas nacionais e internacionais con outros Equipos

### 1.5.3 Divulgar a investigación do centro entre alumnado da facultade



---

## **1.6 Asistencia Atención Primaria da Visión**

### 1.6.1 Incrementar a atención á comunidade universitaria

Elaborar sistema de difusión para dar a coñecer servizos facultade

Celebrar xornadas temáticas asistenciais de difusión dos servizos

### 1.6.2 Establecer convenios de colaboración con diferentes entidades de interese

Convenios con empresas do sector óptico - optométrico

Convenios con institución relacionadas coa optometría

### 1.6.3 Establecer un convenio de colaboración co SERGAS para atención primaria en visión.

## **Eixe 2. XESTIÓN**

Cos seguintes obxectivos estratéxicos e liñas de actuación

### **2.1 Sistema de xestión de calidade**

#### 2.1.1 Definición de Obxectivos e Política de Calidade do Centro

#### 2.1.2 Elaboración do Informe de Seguimento do Título e do proceso de implantación do SGIC do centro.

Desenvolver o PE

Desenvolver a programación anual centro

### **2.2 Administración Eficaz e Eficiente**

#### 2.2.1 Distribución de Orzamentos por ano fiscal

#### 2.2.2 Estudo e priorización por áreas de gasto docente dos recursos orzamentarios

### **2.3 Mellora das liñas de información**

#### 2.3.1 Desenvolver un plan de comunicación externo e interno

Mellorar a páxina web centro

#### 2.3.2 Intensificar relacións cos grupos de interese

### **2.4 Organización académica personalizada para o centro**

#### 2.4.1 Mellorar a coordinación vertical e horizontal da docencia no centro

#### 2.4.2 Mellorar taxas de rendemento, éxito e eficacia

---

### **Eixe 3. INFRAESTRUTURAS**

Cos seguintes obxectivos estratéxicos e liñas de actuación

#### **3.1. Coñecer o estado subxectivo das infraestruturas do centro**

3.1.1 Realizar enquisas persoal centro

3.1.2 Mellorar as infraestruturas docentes

3.1.3 Mellorar a dotación de material e loxística das aulas – gabinetes – laboratorios

#### **3.2 Renovar os medios de proxección das aulas - gabinetes**

3.2.1 Mellorar a cobertura Wifi das aulas e gabinetes

3.2.2 Dotar as aulas de conexións de electricidade para portátiles

3.2.3 Mellorar a organización das áreas de prácticas e salas de traballo

Dotar ao centro dun sistema de videoconferencia

#### **3.3 Mellorar as instalacións da docencia práctica do centro.**

#### **3.4 Mellorar e ampliar as instalacións específicas asistenciais do centro**

3.4.1 Seguimento solucións desde área de infraestruturas USC

### **Eixe 4. RELACIÓNS COA SOCIEDADE**

Cos seguintes obxectivos estratéxicos e liñas de actuación

#### **4.1 Incrementar as relacións coas Empresas**

4.1.1 Fortalecer a imaxe da Facultade

4.1.2 Promover a mobilidade do alumnado e do PDI con empresas

4.1.3 Promover cursos de formación continua

#### **4.2 Mecanismos de interacción co alumnado**

4.2.1 Crear a delegación de alumnos

---

### **4.3 Mecanismos de interacción cos egresados**

- 4.3.1 Desenvolver un plan de comunicación externa
- 4.3.2 Promover xornadas de formación para egresados
- 4.3.3 Integrar actividades con colexios profesionais e asociacións
- 4.3.4 Promover a asociación de antigos alumnos da facultade
- 4.3.5 Promover actividades de inclusión social

### **4.4 Difusión da cultura profesional**

- 4.4.1 Xornadas divulgativas
- 4.4.2 Xornadas de portas abertas